

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 590 - Profesores de ensino secundario
Especialidade: 118 - Procesos sanitarios
Tribunal: 1

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

DATA PUBLICACIÓN: [21/06/2021]

De acordo co establecido na Orde do 24 de febreiro de 2020 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, este Tribunal determina que os criterios de avaliación a aplicar son os seguintes:

Parte A da primeira proba (Quendas L, D e E):

1.O primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 60 preguntas, elixindo a persoa opositora unha das dúas opcións presentadas, relacionadas cos contidos establecidos na base da convocatoria, podendo preverse 6 preguntas adicionais de reserva que serán valoradas no caso de que se anule algunha das anteriores. Cada pregunta terá catro posibles respostas, sendo só una delas correcta. Duración: 2 horas, salvo adaptación persoal específica.

2.A puntuación do primeiro exercicio calcúlase conforme a fórmula seguinte (sendo «A» o número de acertos e «E» o de erros): $A \div [E/ 3]$. É dicir, cada pregunta ten o valor dun punto se se contesta correctamente, e as respostas erróneas penalizan 1/3. Os aspirantes deberán sinalar na folla de resposta as opcións que estimen válidas de acordo coas instrucións que se faciliten

3.O Tribunal trasladará a puntuación obtida a base 10, con aproximación de ata as dez milésimas.

4.Será necesario obter unha puntuación de 2,5 para continuar no proceso (excepto quenda E)

Parte B da primeira proba (Quendas L e D):

1.Proba escrita consistente na redacción dun tema a elixir pola persoa opositora de entre CINCO sorteados previamente polo Tribunal. Duración: 2 horas, salvo adaptación persoal específica.

2.Os aspectos a avaliar son:

1. Coñecemento científico, profundo e actualizado do tema:

a) Dominio do contido da disciplina

b) Utilización dun vocabulario científico-técnico axeitado

c) Utilización dos conceptos con rigor e de forma actualizada

d) Aportación de citas bibliográficas ou bibliografía

2. Estrutura do tema, desenvolvemento completo e orixinalidade na formulación:

- a) O tema presenta unha estrutura coherente: índice, formulación, desenvolvemento e conclusións, debidamente compensadas.
- b) O tema axústase ao temario e desenvolve todos os apartados enunciados no título, argumentando os contidos e dando unha información completa e exhaustiva, sen erros de contido nin de concepto.

3. Contextualización:

- a) Contextualízase no currículo dos ciclos da especialidade
- b) Establece relacións entre os contidos de un ou máis módulos do ciclo

4. Lectura do tema:

- a) Lé con claridade e hai corrección gramatical.
- b) Mostra fluidez na redacción e unha correcta construción dos contidos.

3. Será necesario obter unha puntuación de 2,5 para continuar no proceso.

4. Así mesmo, a media das dúas partes da proba deberá ser igual ou superior a 5 puntos.

Segunda proba (Quendas L e D):

Aplicaranse os criterios publicados no Anexo XIII da Orde do 24 de febreiro de 2020, pola que se convoca o procedemento selectivo.

Proba Oral (Quenda E):

1. En relación coas características da proba, estarase ao disposto no Título II da Orde do 24 de febreiro de 2020, pola que se convoca o procedemento selectivo.

2. Os aspectos a avaliar son os mesmos que os establecidos no apartado Parte B da primeira proba, substituindo a expresión ¿lé con claridade¿ por ¿expón con claridade¿